

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

**12102** *Real decreto 970/2014, do 21 de novembro, polo que se modifican o Real decreto 1972/2008, do 28 de novembro, sobre recoñecemento de organizacións de produtores de froitas e hortalizas e o Real decreto 1337/2011, do 3 de outubro, polo que se regulan os fondos e programas operativos das organizacións de produtores de froitas e hortalizas.*

O Real decreto 1972/2008, do 28 de novembro, sobre recoñecemento de organizacións de produtores de froitas e hortalizas, establece a normativa básica aplicable ao recoñecemento das organizacións de produtores de froitas e hortalizas, como desenvolvemento do Regulamento (CE) n.º 1182/2007 do Consello, do 26 de setembro de 2007, polo que se establecen disposicións específicas con respecto ao sector de froitas e hortalizas, se modifican algúns aspectos das directivas 2001/112/CE e 2001/113/CE e dos regulamentos (CEE) n.º 827/1968, (CE) n.º 2200/1996, (CE) n.º 2201/96, (CE) n.º 2826/2000, (CE) n.º 1682/2003 e (CE) n.º 318/2006 e se derroga o Regulamento n.º 2202/96 e do Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro de 2007, polo que se establecen as disposicións de aplicación dos Regulamentos n.º (CE) 2200/96, (CE) 2201/96, (CE) n.º 1182/2007 do Consello, no sector de froitas e hortalizas.

O número de modificacións a que se sometera o Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro de 2007, levou a Comisión, en prol da clareza, a incorporar todas as disposicións nun novo regulamento e proceder á súa derogación. Por este motivo se adoptou o Regulamento de execución (UE) n.º 543/2011 da Comisión, do 7 de xuño de 2011, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento n.º (CE) 1234/2007 do Consello, nos sectores de froitas e hortalizas e das froitas e hortalizas transformadas.

Por outra parte, o Real decreto 1337/2011, do 3 de outubro, polo que se regulan os fondos e programas operativos das organizacións de produtores de froitas e hortalizas, desenvolve as disposicións relativas a estes contidas nos regulamentos (CE) n.º 1234/2007 e de execución (UE) n.º 543/2011.

O 20 de decembro de 2013, o Regulamento (CE) n.º 1234/2007 foi derogado e substituído polo Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se crea a organización común dos mercados de produtos agrarios e polo que se derrogan os regulamentos (CEE) n.º 972/72, (CEE) 234/79, (CE) n.º 1307/2001 e (CE) n.º 1234/2007. O capítulo II do título I, e o capítulo III do título II, da parte II deste novo Regulamento establecen, respectivamente, as axudas do sector das froitas e hortalizas a través dos programas e fondos operativos, e a normativa a que se teñen que axustar as organizacións de produtores e as asociacións destas, a partir da súa entrada en vigor o 1 de xaneiro de 2014.

Ambos os capítulos están a ser complementados pola Comisión en virtude do disposto nos seus artigos 173 a 175 e 227 a 229, mediante actos delegados e actos de execución polo procedemento ordinario establecido para isto. Non obstante, por unha parte, o Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, introduciu elementos novos tanto no recoñecemento das organizacións de produtores como nos seus programas e fondos operativos e, por outra, o Regulamento delegado (UE) n.º 499/2014 da Comisión, do 11 de marzo de 2014, polo que se complementan os regulamentos (UE) n.º 1308/2013 e 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, modificando o Regulamento de execución (UE) n.º 543/2011 da Comisión, do 7 de xuño de 2011, en relación cos sectores das froitas e hortalizas e das froitas e hortalizas transformadas, introduciu tamén novos aspectos relativos ás

organizacións de produtores do sector de froitas e hortalizas e aos seus programas e fondos operativos, que entran en vigor uns con carácter inmediato, e outros o 1 de xaneiro de 2015. Por estes motivos, e en canto a Comisión non adopte os actos delegados que substitúan o Regulamento de execución (UE) n.º 534/2011 da Comisión, do 7 de xuño de 2011, cómpre adaptar a nosa normativa nacional á nova normativa da Unión Europea.

Entre os cambios introducidos polos regulamentos citados están as condicións en que unha organización de produtores pode externalizar as súas actividades, o establecemento de medidas para evitar o abuso de poder, as penalizacións que deben imporse en caso de inobservancia dos criterios de recoñecemento e que as asociacións de organizacións de produtores de froitas e hortalizas poidan constituír un fondo operativo. O Regulamento (UE) n.º 499/2014 da Comisión, do 11 de marzo de 2014, complementa, ademais, partes do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, que antes eran recollidas polo Regulamento (CE) n.º 1234/2011, como son as condicións en que os produtores dunha organización poden comercializar os seus produtos fóra dela.

Por outra parte, o Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre financiamento, xestión e seguimento da política agrícola común, polo que se derrogan os regulamentos (CE) n.º 352/78, (CE) n.º 165/94, (CE) n.º 2799/98, (CE) n.º 814/2000, (CE) n.º 1290/2005 e (CE) n.º 485/2008 do Consello, no seu artigo 60 establece unha cláusula de elusión, pola cal se exclúen de obter ningunha das vantaxes previstas na lexislación agrícola sectorial as persoas físicas ou xurídicas que tivesen creado artificialmente as condicións exixidas para obter esas vantaxes, contrarias aos obxectivos da dita lexislación. Por este motivo, en virtude da experiencia adquirida e do resultado das auditorías realizadas tanto polas intervencións delegadas da Intervención Xeral da Administración do Estado como polos servizos de auditoría da Comisión, é necesario introducir no Real decreto 1972/2008, do 28 de novembro, unha serie de definicións e aclaracións, ademais de permitir o recoñecemento de partes claramente definidas de persoas xurídicas, e de establecer a maneira de computar os membros produtores, co obxecto de verificar o número mínimo deles exixido, ao mesmo tempo que se adapta ás novas exixencias da normativa da Unión Europea.

Na elaboración do presente real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 21 de novembro de 2014,

DISPOÑO:

**Artigo 1.** *Modificación do Real decreto 1972/2008, do 28 de novembro, sobre recoñecemento de organizacións de produtores de froitas e hortalizas.*

O Real decreto 1972/2008, do 28 de novembro, sobre recoñecemento de organizacións de produtores de froitas e hortalizas, queda modificado como segue:

Un. Engádese o artigo 1 bis seguinte:

«Artigo 1 bis. *Definicións e emprego de termos.*

1. Para os efectos do presente real decreto, os termos empregados no Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se crea a organización común de mercados dos produtos agrarios e polo que se derrogan os regulamentos (CEE) n.º 922/72, (CEE) n.º 234/79, (CE) n.º 1307/2001 e (CE) n.º 1234/2007 e no Regulamento de execución (UE) n.º 543/2011 da Comisión, do 7 de xuño de 2011, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do

Consello, nos sectores das froitas e hortalizas e das froitas e hortalizas transformadas, terán o mesmo significado cando se utilicen no presente real decreto.

Así mesmo, entenderase, respecto dunha organización de produtores, como:

a) “Membro agregador de produtores”: toda persoa xurídica que sexa membro da organización ou forme parte da cadea societaria dalgún dos seus membros, non titular de explotación de produtos para os cales a organización estea, ou vaia ser, recoñecida, cuxos membros sexan produtores dalgún destes produtos.

b) “Membro non produtor”: todo membro da organización, ou da cadea societaria dalgún dos seus membros, que non sexa produtor segundo a definición de agricultor dada polo artigo 4.1.a) do Regulamento (UE) n.º 1307/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen normas aplicables aos pagamentos directos aos agricultores en virtude dos réximes de axuda incluídos no marco da política agrícola común e polo que se derrogan os regulamentos (CE) n.º 637/2008 e (CE) n.º 73/2009 do Consello, dos produtos para os cales a organización estea, ou vaia ser, recoñecida, durante máis de tres anos continuados. En situacións debidamente xustificadas, este período poderá ser elevado polas comunidades autónomas.

Non obstante, e en virtude do disposto no artigo 21 do Regulamento de execución (UE) n.º 543/2011 da Comisión, do 7 de xuño de 2011, os membros agregadores de produtores non serán considerados membros non produtores.

c) “Concentración da oferta”: cumprimento dos mínimos establecidos no artigo 5.1 do presente real decreto, e do disposto no artigo 160 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

d) “Fusión respecto do artigo 29 do Regulamento de execución (UE) n.º 543/2011 da Comisión, do 7 de xuño de 2011”: fusión, absorción ou integración dunha organización con outra, ou outras, organizacións de produtores, que dea lugar a unha única organización que substitúa as fusionadas, absorbidas ou integradas, respectivamente, as cales deberán ser descualificadas como organizacións de produtores no mesmo acto da fusión, absorción ou integración.

Igualmente, considerarase fusión para os mesmos efectos e nas mesmas condicións que no parágrafo anterior os casos en que unha entidade de segundo ou ulterior grao, cuxas entidades asociadas sexan organizacións de produtores, sexa recoñecida como organización de produtores.

2. Para efectos do presente real decreto e do cumprimento do requisito do funcionamento democrático establecido no artigo 31 do Regulamento de execución (UE) n.º 543/2011 da Comisión, do 7 de xuño de 2011, o termo de “accións da organización de produtores” mencionado no dito artigo referirase ao “capital social da organización de produtores”.»

Dous. O artigo 2 substitúese polo seguinte:

«Artigo 2. *Requisitos e órgano competente para o recoñecemento.*

1. En virtude do disposto no artigo 19.2 do Regulamento de execución (UE) n.º 543/2011 da Comisión, do 7 de xuño de 2011, establécese que para poder solicitar e obter o recoñecemento como organización de produtores, para efectos do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, deberán cumprirse os seguintes requisitos:

a) Ou ben ser unha entidade con personalidade xurídica propia segundo o ordenamento xurídico español, ou ben ser unha sección dunha cooperativa creada no marco da normativa reguladora deste tipo de entidades, ou ben un grupo de produtores dunha sociedade agraria de transformación que teña produtos distintos a froitas e hortalizas e que constitúa unha sección que cumpra os mesmos requisitos

que os establecidos para as seccións de cooperativas na normativa específica que as regula, respectando a súa propia;

b) Ter a súa sede social, ou enderezo efectivo, dentro do ámbito xeográfico español.

c) Estar constituída, exclusivamente, por produtores dos produtos para os cales se solicita o recoñecemento, excepto nos casos e nas condicións recollidas no artigo 3 do presente real decreto.

Cando se solicite o recoñecemento como organización de produtores, a condición de estar constituída por produtores deberá ser acreditada mediante a presentación da documentación que xustifique que cada un dos produtores que vaian formar parte da organización producise no período de referencia anterior ao ano de recoñecemento.

d) Posuír uns estatutos, ou un regulamento de réxime interno no caso das seccións mencionadas na alínea a), elevados a escritura pública, que regulen o seu funcionamento, as fórmulas de adopción de todo tipo de acordos, os dereitos de voto dos membros, e que cumpran o disposto na sección I do capítulo III do título II aplicable ao sector de froitas e hortalizas e no artigo 160 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, no Regulamento de execución (UE) n.º 543/2011 da Comisión, do 7 de xuño de 2011, e no presente real decreto.

Os estatutos dos membros agregadores de produtores deberán cumprir todos os requisitos establecidos no parágrafo anterior e ser concordantes cos da organización de produtores.

e) Solicitar o recoñecemento ante o órgano competente correspondente, mediante a solicitude, acompañada, ao menos, da documentación relacionada no anexo III.

f) No caso de ser unha sección, en virtude do establecido no artigo 31, número 3, do Regulamento de execución (UE) n.º 543/2011 da Comisión, do 7 de xuño de 2011, dispónse, ademais, que:

1.º O funcionamento da sección deberá estar regulado mediante estatutos ou regulamento de réxime interno que, entre outras cuestións, estableza a prohibición para a sección de adoptar acordos contrarios á lei, aos estatutos da entidade a que pertence ou ao interese xeral desa entidade.

2.º Os estatutos da cooperativa ou da sociedade agraria de transformación a que pertence a sección deberán establecer que as decisións relativas ao recoñecemento, ao funcionamento e ás actuacións como organización de produtores, incluídas as relativas á presentación e execución de programas operativos e constitución dos fondos operativos establecidos nos artigos 32 e 33 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, serán directamente adoptadas pola asemblea da sección, e que non poderán ser suspendidas nin modificadas pola dita cooperativa ou sociedade agraria de transformación.

3.º A contabilidade da entidade a que pertence a sección deberá permitir diferenciar a actividade desta.

4.º Para efectos dos cálculos derivados dos artigos 5 e 9 do presente real decreto:

i. O capital social da sección será a suma do capital social atribuído a cada un dos seus membros segundo o disposto no seguinte inciso.

ii. O capital social que se atribuirá a cada membro da sección será o resultante de aplicar ao capital social que posúe da entidade a que pertence a sección o coeficiente de participación que posúe no valor da produción comercializada dela, determinado segundo os artigos 50 e 51 do Regulamento de execución (UE) n.º 543/2011 da Comisión, do 7 de xuño de 2011, durante o período de referencia previsto no artigo 3 do Real decreto 1337/2011, do 3 de outubro, polo que se

regulan os fondos e programas operativos das organizacións de produtores de froitas e hortalizas.

iii. O capital da sección así determinado terá unha duración de cinco anos. Non obstante, cando presente un programa operativo, o dito capital deberá recalcularse no momento da súa elaboración.

g) No caso de ser unha sociedade mercantil, as accións ou participacións deberán ser nominativas. Este requisito será extensivo a todos os produtores das cadeas societarias dos membros da organización que posúan a dita forma xurídica.

2. Con obxecto de poder verificar os límites establecidos nos artigos 5 e 9 do presente real decreto, todas as organizacións de produtores deberán levar un libro de rexistro dos seus membros, produtores e non produtores, de forma separada uns doutros. O libro recollerá de cada membro, ao menos, o nome, o número de identidade fiscal, a data de alta na organización, se é produtor ou agregador de produtores xunto cos seus efectivos produtivos, os dereitos de voto que posúe na toma de cada tipo de decisións da organización indicando o parámetro en función do cal están establecidos, a súa porcentaxe no capital social da organización e, se for o caso, a data de baixa nela.

Dos membros produtores que sexan persoas xurídicas o libro de rexistro deberá recoller, ademais, a forma xurídica que posúe, a cadea societaria que o constitúe indicando para cada persoa que forme parte dela o tipo de personalidade que posúe, o seu nome, o seu número de identificación fiscal, se é produtora dos produtos para os cales a organización está recoñecida xunto cos seus efectivos produtivos, a data de alta e, se é o caso, a de baixa, o capital social e os dereitos de voto xunto co parámetro en función do cal están establecidos, respecto da entidade da cal é titular de capital social.

3. En virtude do disposto no artigo 60 do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre financiamento, xestión e seguimento da política agrícola común, dispónse que non se recoñecerá ningunha organización de produtores que obtivese os requisitos de recoñecemento mediante a creación de situacións artificiais. En particular, analizaranse os casos en que un membro ou accionista posúa unha porcentaxe desproporcionadamente elevada da superficie ou produción da organización.

4. O recoñecemento de organizacións de produtores corresponderá ao órgano competente que determine a comunidade autónoma onde radique a sede social da entidade solicitante do recoñecemento. Ao dito órgano corresponderalle, ademais, a competencia para levar a cabo os controis sobre o terreo e os efectos dos resultados destes, establecidos no artigo 154, número 4, do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sen prexuízo da cooperación interadministrativa con outras administracións cando sexa necesario.»

Tres. O artigo 3 substitúese polo seguinte:

«Artigo 3. *Membros non produtores.*

En virtude do disposto no artigo 30 do Regulamento de execución (UE) n.º 543/2011 da Comisión, do 7 de xuño de 2011, dispónse que:

a) Só se poderán admitir membros non produtores nas organizacións que sexan cooperativas, sociedades agrarias de transformación ou seccións de ambas, coa condición de que non poidan votar acordos relativos ao funcionamento como organización de produtores e acordos relativos aos programas e fondos operativos establecidos nos artigos 32 e 33 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013. Isto deberá vir recollido nos seus estatutos.

b) Os membros agregadores que sexan cooperativas ou sociedades agrarias de transformación poderán ter tamén membros non produtores, nas mesmas condicións que no caso anterior.

c) Nas organizacións de produtores e nos membros agregadores de produtores que posúan membros non produtores, os compoñentes dos seus órganos de goberno deberán ser elixidos, exclusivamente, polos seus membros produtores.»

Catro. O artigo 5 substitúese polo seguinte:

«Artigo 5. *Número mínimo de membros e de valor de produción comercializable.*

1. En virtude do disposto no artigo 154.1 b) do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, para poder ser recoñecida unha organización de produtores deberá posuír o número mínimo de membros produtores e o valor mínimo de produción comercializable que figura no anexo II do presente real decreto, determinados segundo o disposto no seguinte número.

2. En virtude do disposto nos artigos 19.2 e 21 do Regulamento de execución (UE) n.º 543/2011 da Comisión, do 7 de xuño de 2011, establécese que, unicamente para efectos do cumprimento do número de membros establecido no número anterior, soamente se considerarán os produtores dos produtos para os cales se solicita, ou se posúe, o recoñecemento; e que o cómputo do número de membros deberá realizarse segundo o seguinte:

a) Os membros produtores que sexan persoas físicas non vinculadas segundo o disposto no artigo 9.4: cada un computarase como un.

b) Os membros que sexan persoas xurídicas:

1.º Os que sexan produtores: cada un computarase como un se máis do 50 por cento do seu capital social, directa e/ou indirectamente, está en posesión de persoas físicas que non se computasen como membros produtores en virtude da alínea a), ou se utilizasen para computar outro membro produtor en virtude do presente número.

En caso de que haxa varios membros deste tipo que ao final da súa cadea societaria estean integrados por persoas físicas coincidentes, a orde en que se aplicará en cada unha delas o disposto no parágrafo anterior será a que elixa a organización de produtores.

2.º Os que sexan agregadores de produtores non se computarán e, no seu lugar, farano:

i. Os socios do membro agregador que sexan persoas físicas produtoras: cada un computarase como un coas mesmas condicións fixadas na alínea a), sempre que non se computase xa ou se utilizase para o cómputo dun membro en virtude da alínea b).1.º

ii. Os socios do membro agregador que sexan persoas xurídicas produtoras: cada un computarase como un se máis do 50 por cento do seu capital social, directa e/ou indirectamente, está en posesión de persoas físicas que non fosen xa computadas como membros produtores en virtude dos números anteriores, se utilizasen para o cómputo doutro membro produtor en virtude da alínea b).1.º, ou se utilizasen para computar outro membro produtor en virtude do presente número.

En caso de que haxa varios accionistas deste tipo que ao final da súa cadea societaria posúan persoas físicas coincidentes, a orde en que se aplicará en cada unha delas o disposto neste parágrafo anterior será a que elixa a organización de produtores.

iii. Os socios do membro agregador que sexan persoas xurídicas produtoras: procederase como nos membros agregadores, de acordo co disposto no presente

ordinal 2.º até chegar ao momento en que xa non haxa membros agregadores na cadea societaria.

c) Unha persoa física ou xurídica soamente poderá ser computada ou tida en conta para o cómputo en persoas xurídicas unha única vez.

3. Todos e cada un dos produtores dunha organización de produtores, para poderen ser considerados como tales, deberán ser responsables do risco empresarial da explotación de que son titulares, e conservar a documentación que o acredite ao dispor do órgano competente no recoñecemento da organización de produtores de que forma parte.»

Cinco. Engádese o artigo 5 bis seguinte:

«Artigo 5 bis. *Valor da produción comercializable en caso de non posuír comprobantes de comercialización para efectos de recoñecemento.*

1. Para efectos do artigo 154.1.b) do Regulamento (UE) n.º 1308/2013, o valor da produción comercializable calcularase sobre a mesma base que o valor da produción comercializada prevista nos artigos 50 e 51 do Regulamento (UE) n.º 543/2011 e do artigo 2 do Real decreto 1337/2011, do 3 de outubro, polo que se regulan os fondos e programas operativos das organizacións de produtores de froitas e hortalizas.

2. En virtude do disposto no artigo 24.2 do Regulamento de execución (UE) n.º 543/2011 da Comisión, do 7 de xuño de 2011, dispónse que, unicamente cando a entidade solicitante do recoñecemento non posúa a documentación que acredite o valor da produción comercializada dun, varios, ou todos os seus membros debido a unha catástrofe natural, o valor da entidade mencionado no número anterior poderá conter cálculos teóricos para incorporar o valor, ou o volume, da produción dos membros afectados pola catástrofe.

Nestes casos, o valor da produción afectada do membro ou membros responderá á media do valor dos valores medios en cada un dos tres anos anteriores á solicitude de recoñecemento e a media obterase de cada ano a partir dos valores medios do prezo e rendemento da zona onde estean localizados os efectivos produtivos do produto ou produtos para os cales solicita o recoñecemento. Os ditos valores deberán estar certificados polos órganos competentes das comunidades autónomas onde se encontren eses efectivos.»

Seis. O artigo 6 substitúese polo seguinte:

«Artigo 6. *Estrutura e actividades da organización de produtores.*

1. Unha organización de produtores deberá dispor dos medios materiais e humanos necesarios para cumprir coa finalidade específica que persiga das establecidas no artigo 152, número 1, alínea c), incisos i), ii) e iii) do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, e para comercializar a produción dos seus membros produtores, en particular, o establecido no artigo 23, letras a), b), c) e d) do Regulamento de execución (UE) n.º 543/2011 da Comisión, do 7 de xuño de 2011. Non obstante, na comercialización de produtos con destino á industria ou que non requiran cumprimento de normas de comercialización poderán non dispor dos medios establecidos na alínea b).

2. Unha organización de produtores poderá externalizar sempre que cumpra co disposto no artigo 155 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, e no artigo 27 do Regulamento de execución (UE) n.º 543/2011 da Comisión, do 7 de xuño de 2011, e nos números seguintes deste artigo.

3. As ditas externalizacións deberán ser aprobadas pola asemblea xeral da organización ou polo órgano equivalente en función do tipo de personalidade

xurídica que posúa e, excepto nos casos recollidos no número 7 deste artigo, deberán plasmarse en acordos comerciais escritos, que recollan, ao menos, os seguintes aspectos:

- a) A identificación das partes;
- b) os servizos que se contratan, descritos dunha maneira precisa e clara, xunto co seu custo, a forma de pagamento, e o feito de que a organización de produtores será a responsable de garantir a execución dos servizos contratados e asumirá o control e a supervisión da xestión do acordo;
- c) a facultade da organización de produtores para impartir instrucións obrigatorias sobre os servizos contratados e para pór fin ao contrato en caso de incumprimento das obrigacións contraídas pola entidade contratada;
- d) cláusulas polas cales a entidade contratada se comprometa a remitir por escrito á organización de produtores a información que lle permita avaliar e exercer o control real sobre a actividade ou actividades externalizadas, concretando o tipo de información e os seus prazos de remisión. En caso de que a actividade externalizada sexa a comercialización, esta información deberá incluír, respecto das transaccións comerciais levadas a cabo pola entidade prestataria do servizo, o tipo de produto que vai vender, a canle de distribución, a cantidade e o prezo;
- e) en caso de que se externalicen os servizos detallados no artigo 23.b) do Regulamento de execución (UE) n.º 543/2011 da Comisión, do 7 de xuño de 2011, relativos á recolla, clasificación, almacenamento e/ou acondicionamento de produción dos seus membros, a entidade prestataria do servizo deberá achegar o procedemento mediante o cal identificará os produtos da organización durante o proceso contratado;
- f) a duración do contrato.

4. Nos casos establecidos na alínea e) do número 3 anterior, a organización poderá vender a súa produción á entidade prestataria do servizo sempre que o órgano competente no recoñecemento da comunidade autónoma correspondente autorice este tipo de vendas, precedendo comprobación de que a organización de produtores en cuestión cumpre con todos os requisitos de recoñecemento.

5. Cando unha organización de produtores externalice a transformación dun ou máis produtos a unha entidade que non sexa un dos seus membros ou unha filial súa que cumpra coas condicións establecidas no artigo 50.9 do Regulamento (UE) n.º 543/2011 da Comisión, do 7 de xuño de 2011, deberase cumprir, ademais:

- a) O produto debe permanecer en todo momento baixo propiedade da organización de produtores.
- b) Unha vez que se transformase o produto, a organización de produtores levará a cabo a comercialización dispoñendo os medios propios necesarios para isto.
- c) En ningún caso a organización poderá vender un produto transformado á mesma entidade que efectuou a transformación ou a entidades participadas por elas.

6. A xustificación do pagamento da prestación de servizos externalizados deberá estar avalada mediante a documentación correspondente. Unha vez finalizada a campaña, as organizacións de produtores deberán realizar un informe sobre o cumprimento do acordo comercial establecido no número 3, que deberán conservar, ao menos, durante un período de cinco anos.

7. Cando a externalización se efectúe a unha filial súa que cumpra coas condicións establecidas no artigo 50.9 do Regulamento (UE) n.º 543/2011 da Comisión, do 7 de xuño de 2011, ou sexa a unha cooperativa de segundo grao a que pertenza a organización, o acordo mencionado no número 3 poderase substituír por un protocolo de actuación. Este protocolo recollerá, ao menos, o sistema que permitirá á organización exercer un control efectivo sobre a actividade



externalizada dando instrucións e actuando onde e cando sexa necesario segundo o seu propio interese e o dos seus membros.

8. As organizacións de produtores deberán informar o órgano competente da comunidade autónoma que lle outorgou o recoñecemento dos cambios nas externalizacións que poidan afectar o cumprimento do disposto nos números 1 e 2 deste artigo.

9. Nas externalizacións cuxo obxectivo sexa resolver situacións conxunturais e imprevisibles durante unha campaña non será necesaria a aprobación por parte da asemblea xeral da organización establecida no número 3 do presente artigo.

10. Todo o establecido neste artigo para as organizacións de produtores aplicarase *mutatis mutandis* ás asociacións de organizacións de produtores que externalicen as súas actividades. Non obstante, as actividades que realice unha asociación de organizacións de produtores en nome das organizacións que a constitúen non se considerarán externalizacións, sempre que se trate de actividades para as cales foi recoñecida a asociación.»

Sete. O artigo 7 substitúese polo seguinte:

«Artigo 7. *Período mínimo de adhesión.*

1. En virtude do disposto no artigo 22 do Regulamento de execución (UE) n.º 543/2011 da Comisión, do 7 de xuño de 2011, dispónse que o período mínimo de adhesión dos membros produtores que formen parte dunha organización de produtores determinada será de tres anos. Non obstante, as organizacións de produtores poderán establecer un prazo inferior para parte dos seus membros, sempre que o permitan os seus estatutos e non sexa menor dun ano.

O prazo que estableza unha organización para os seus membros deberá ser adoptado por todos os membros produtores dos membros agregadores de produtores que formen parte dela.

Os membros produtores cuxo período mínimo de adhesión sexa inferior a tres anos:

1.º Non deberán figurar no libro de rexistro mencionado no artigo 2 do presente real decreto senón nun libro á parte das mesmas características que recolla os membros con duración inferior a tres anos.

2.º Non se computarán para efectos dos mínimos establecidos no artigo 5.1 do presente real decreto.

3.º O seu valor da produción non poderá representar máis do 20 por cento do valor da produción total da organización e deberá ser considerado como compras a terceiros o importe que exceda a dita porcentaxe.

4.º Non poderán supor máis do 20 por cento dos membros totais da organización.

5.º Nin eles nin as súas explotacións poderán estar nestas circunstancias de adhesión nunha organización máis de dous anos de cada seis.

2. En virtude do disposto no artigo 22.2 do Regulamento de execución (UE) n.º 543/2011 da Comisión, do 7 de xuño de 2011, dispónse que o prazo de aviso previo para que os membros que sexan produtores presenten por escrito a súa renuncia á calidade de membros deberá ser establecido pola propia organización xunto coa data en que a renuncia producirá efecto. Os ditos prazos deberán fixarse con criterios xerais que eviten discriminacións e non poderán ser superiores a seis meses.

3. En caso de que a organización de produtores posúa un programa operativo dos incluídos no artigo 33 do Regulamento (UE) 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, ningún membro produtor, de calquera nivel, poderá descargarse das obrigacións derivadas dese programa que posúa, durante a súa aplicación, salvo que a organización o autorice.»

Oito. O artigo 8 substitúese polo seguinte:

«Artigo 8. *Vendas directas dos membros produtores.*

En virtude do disposto no artigo 26 bis do Regulamento de execución (UE) n.º 543/2011 da Comisión, do 7 de xuño de 2011, establécese que as organizacións de produtores poderán autorizar os seus membros para venderen directamente nas súas explotacións ou fóra delas até un 10 por cento do volume da súa produción por campaña de cada un dos produtos para os cales a organización foi recoñecida aos consumidores finais, para satisfacer as súas necesidades persoais, sempre que a entidade dispoña dun sistema de control que garanta o cumprimento dese límite.»

Nove. O artigo 9 substitúese polo seguinte:

«Artigo 9. *Control democrático da organización de produtores.*

1. En virtude do disposto no artigo 31, número 1, do Regulamento de execución (UE) n.º 543/2011 da Comisión, do 7 de xuño de 2011, ningunha persoa física ou xurídica poderá posuír o control, directo ou indirecto, de máis do 34 por cento do total de dereitos de voto en calquera tipo de decisións da organización de produtores, nin máis do 49 por cento do total de capital social da organización, directa e/ou indirectamente.

2. Para verificar o límite dos dereitos de voto deberán acumularse os dereitos de voto respecto da organización de produtores que posúa unha persoa física directamente, ou a través de persoas xurídicas onde teñan dereitos de voto que lle xeren algunha participación maioritaria ao longo de toda a cadea societaria.

Considerarase que un accionista posúe participación maioritaria nunha entidade se posúe o 50 por cento ou máis dos dereitos de voto da entidade ou do capital social.

3. Igualmente, para determinar se cumpre o límite establecido sobre o capital social, no caso de que unha persoa física ou xurídica apareza máis dunha vez na cadea societaria, deberán acumularse as porcentaxes dos capitais sociais que posúa respecto da organización de produtores, tanto os directos como os indirectos.

4. Para o cumprimento dos límites fixados no número 1 presumirase que existe vinculación entre persoas físicas, entre persoas xurídicas, ou de persoas físicas con persoas xurídicas ou á inversa, e os seus dereitos de voto e o seu capital social deberanse acumular como se pertencesen a unha única persoa física ou xurídica para efectos de evitar que se excedan as porcentaxes do dito número 1, nos seguintes supostos, salvo demostración fidedigna en contra de que existe unha responsabilidade diferenciada do risco empresarial da explotación de que son titulares, en defensa dos intereses respectivos, conforme o exixido no artigo 5.3 deste real decreto:

1.º No caso do pupilo respecto do tutor legal ou xudicial;

2.º No caso de copropiedade do capital social da persoa xurídica, como poden ser herdanzas xacentes e comunidades de bens, respecto dos copropietarios entre si;

3.º No caso de descendentes directos menores de idade respecto de un ou dos dous pais que teñan a patria potestade;

4.º Nos matrimonios, respecto dos cónxuxes entre si. No caso de explotacións acollidas á Lei 35/2011, do 4 de outubro, sobre titularidade compartida das explotacións agrarias, a representación da explotación na organización pola muller ou polo home suxeitarase ao disposto no artigo 4 da dita lei.

Para estes efectos, as organizacións de produtores deberán informar os correspondentes órganos competentes no recoñecemento dos casos de entidades vinculadas que forman parte da súa organización de produtores.

5. A fórmula de adopción de acordos e os criterios de establecemento de dereitos de voto de todas as persoas xurídicas que forman parte da organización de produtores por formaren parte da súa cadea societaria deberán estar recollidos nos estatutos ou no regulamento de réxime interno que regula cada persoa xurídica.

6. Para a determinación do funcionamento democrático a organización de produtores deberá presentar ao órgano competente do recoñecemento tanto o seu libro de rexistro e estatutos ou regulamento de réxime interno como os das entidades que formen parte da súa cadea societaria, e calquera outra información ou documentación que acredite a composición, a toma de decisións, os dereitos de voto e o accionariado en cada unha delas.»

Dez. O artigo 11 substitúese polo seguinte:

«Artigo 11. *Controis periódicos sobre as condicións de recoñecemento e inobservancia dos controis de recoñecemento.*

1. En virtude do disposto no artigo 154.4.b) do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, e do artigo 106 do Regulamento de execución (UE) n.º 543/2011 da Comisión, do 7 de xuño de 2011, no marco da verificación da solicitude de axuda pola execución dun programa operativo, o órgano competente no recoñecemento da organización de produtores deberá realizar un control sobre o terreo nos locais da organización de produtores co fin de garantir a conformidade cos criterios de recoñecemento. Este control deberase realizar sobre unha mostra que represente como mínimo un 30 % da axuda total solicitada en cada comunidade autónoma pola execución de programas operativos establecidos no artigo 33 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

2. As organizacións de produtores que non fosen controladas en virtude do número anterior deberán ser obxecto dun control sobre o terreo relativo aos criterios de recoñecemento, ao menos, unha vez cada cinco anos.

3. Do resultado de cada control deberá realizarse un informe exhaustivo sobre os resultados obtidos, e procederase de acordo co disposto no artigo 114 do Regulamento de execución (UE) 543/2011 da Comisión, do 7 de xuño de 2011.»

Once. A disposición adicional única queda redactada como segue:

«Disposición adicional única. *Referencias.*

As referencias que a parte non modificada do Real decreto 1972/2008, do 28 de novembro, realice a socios da organización de produtores entenderanse feitas aos seus membros; as que faga ao Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro de 2007, entenderanse realizadas aos artigos correspondentes do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013; e as que faga ao Regulamento (CE) n.º 1580/2007 da Comisión, do 21 de decembro de 2007, entenderanse realizadas aos artigos correspondentes do Regulamento de execución (UE) n.º 543/2011 da Comisión, do 7 de xuño de 2011.»

**Artigo 2.** *Modificación do Real decreto 1337/2011, do 3 de outubro, polo que se regulan os fondos e programas operativos das organizacións de produtores de froitas e hortalizas.*

O Real decreto 1337/2011, do 3 de outubro, polo que se regulan os fondos e programas operativos das organizacións de produtores de froitas e hortalizas, modifícase da seguinte forma:

Un. O número 2 do artigo 10 modifícase como segue:

«2. Se o produto retirado ten como destino a distribución gratuíta, as organizacións e institucións caritativas poderán solicitar aos destinatarios finais unha cantidade simbólica.

Poderase admitir o pagamento en especie sempre que o dito pagamento compense exclusivamente os custos de transformación e que o órgano competente se asegure de que o produto transformado se destina realmente ao consumo dos mencionados destinatarios.»

Dous. O número 2 do artigo 14 modifícase como segue:

«2. As modificacións contidas nas alíneas a), b), c) e f) do número anterior, e as da alínea h) que supoñan a supresión de investimentos ou conceptos de gasto, poderán realizarse sen autorización previa sempre que sexan comunicadas pola organización de produtores ao órgano competente ao menos quince días naturais antes da súa execución.»

Tres. O artigo 17 queda redactado como segue:

«Artigo 17. *Presentación.*

En desenvolvemento do artigo 62 do Regulamento de execución (UE) n.º 543/2011 da Comisión, do 7 de xuño de 2011, dispónse que:

1. Unha asociación de organizacións de produtores poderá presentar programas operativos, tanto parciais como totais, se está recoñecida como tal segundo a regulamentación vixente, e sempre que os programas fosen aprobados pola asemblea xeral da asociación de organizacións de produtores, ou da sección se está organizada en seccións, ou por un órgano equivalente, segundo sexa a súa personalidade xurídica.

Entenderase por programa operativo total dunha asociación de organizacións de produtores o programa presentado, xestionado e executado completamente pola asociación de organizacións de produtores.

Entenderase por programa operativo parcial dunha asociación de organizacións de produtores o conxunto de medidas e accións incluídas nos programas operativos das organizacións de produtores que integran unha asociación de organizacións de produtores, que supoñan só parte das contidas nos programas operativos individuais das organizacións de produtores e que vaian ser executadas pola asociación de organizacións de produtores.

2. Estes programas deberán ser presentados ante o órgano competente, no prazo previsto no artigo 7, axustados, *mutatis mutandis*, ao anexo VIII, e seralles de aplicación:

a) Aos programas operativos totais, *mutatis mutandis*, o disposto no capítulo IV.

b) Aos programas operativos parciais, o disposto no presente real decreto para as medidas, accións, actuacións, investimentos e conceptos de gasto dos programas operativos das organizacións de produtores.

3. En caso de programa operativo parcial, as organizacións de produtores membros das asociacións de organizacións de produtores que presenten un programa operativo parcial deberán presentar un programa operativo individual ante o órgano competente que lles corresponda, especificando e contabilizando neles as medidas e accións do programa da asociación de organizacións de produtores, e indicando a asociación de organizacións de produtores pola cal serán executadas. No entanto, non será necesario que estean acompañados da documentación completa correspondente a elas.

4. Os programas operativos parciais das asociacións de organizacións de produtores deberán cumprir para a súa aprobación co disposto no artigo 8.2.3.º,

excepto o referente a obxectivos e aspectos ambientais, e serán os programas operativos individuais das organizacións de produtores de que forman parte os que deban cumprir cos requisitos exixidos para a aprobación dos programas operativos establecidos tanto pola normativa da Unión Europea como polo presente real decreto.»

Catro. O artigo 18 queda redactado como segue:

«Artigo 18. *Financiamento.*

1. Os programas operativos totais das asociacións de organizacións de produtores financiaranse a través dos fondos operativos constituídos coas contribucións financeiras da propia asociación a través dos seus membros, de acordo co establecido no inciso ii) da alínea a) do número 1 do artigo 32 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, e xestionados segundo o establecido no artigo 4 do presente real decreto para os fondos operativos das organizacións de produtores. Non obstante, os membros que non teñan a condición de organización de produtores en virtude do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, non poderán beneficiarse directamente das axudas ao programa operativo.

2. No caso de que a asociación de organizacións de produtores teña un fondo operativo, sexa o programa operativo total ou parcial, o financiamento deberá ser aprobado anualmente pola asemblea xeral da asociación de organizacións de produtores, ou da sección se está organizada en seccións, ou por un órgano equivalente, segundo a súa personalidade xurídica. As achegas dos membros deberán establecerse de conformidade co artigo 53 do Regulamento de execución (UE) n.º 543/2011 da Comisión, do 7 de xuño de 2011, entendendo onde di “produtores”, organización de produtores, e onde di “organización de produtores”, asociación de organizacións de produtores.

3. No caso dos programas operativos parciais de asociacións de organizacións de produtores sen fondo operativo, as achegas das organizacións de produtores membros dunha asociación de organizacións de produtores deberán proceder exclusivamente dos fondos operativos que teñan aprobados polos órganos competentes para cada anualidade.

4. Para os efectos de financiar os seus programas parciais, as asociacións de organizacións de produtores sen fondo operativo deberán constituír un fondo económico coas achegas dos seus membros, que deberá ser xestionado segundo o establecido no artigo 4 do presente real decreto para os fondos operativos das organizacións de produtores.

5. Antes do 15 de setembro de cada ano as asociacións de organizacións de produtores deberán comunicar ao órgano competente o montante do fondo operativo ou do fondo económico do programa que se executará no ano seguinte, axustado ao disposto no anexo IX do presente real decreto, se for o caso, xunto coa solicitude de modificacións para anualidades non comezadas.

6. No caso dos programas operativos parciais, a comunicación establecida no número 5 tamén deberá ser realizada polas organizacións de produtores membros da asociación de organizacións de produtores, e deberá estar composta da documentación mencionada na letra A) e nos ordinais 1.º, 3.º, 4.º e 5.º da letra B) do anexo II do presente real decreto.»

Cinco. O artigo 19 modifícase como segue:

«Artigo 19. *Modificacións dos programas.*

As modificacións dos programas operativos das asociacións de organizacións de produtores rexeranse por:

a) No caso de modificacións para anualidades non comezadas, aplicaranse *mutatis mutandis* os artigos 13 e 15. No caso dos programas operativos parciais, aplicaranse tamén ás organizacións de produtores membro.

b) No caso de modificacións durante o ano en curso, aplicaranse *mutatis mutandis* os artigos 14 e 15. No caso dos programas operativos parciais, ás organizacións de produtores membros unicamente se lles aplicará o artigo 14.3.»

Seis. O artigo 20 queda redactado como segue:

«Artigo 20. *Decisión por parte do órgano competente sobre os programas e as súas modificacións.*

1. O órgano competente comunicará á asociación de organizacións de produtores a decisión tomada sobre o seu programa operativo parcial ou sobre as súas modificacións o máis tardar o 15 de decembro do ano da súa presentación, segundo o disposto no artigo 64 do Regulamento de execución (UE) n.º 543/2011 da Comisión, do 7 de xuño de 2011.

No caso de programas operativos parciais, a comunicación realizarase con suficiente anticipación para que poida ser tida en conta para a aprobación dos programas operativos, ou as súas modificacións, das organizacións de produtores membros por parte dos correspondentes órganos competentes. Para estes efectos, as ditas decisións deberán ser remitidas, ao mesmo tempo que ás asociacións de organizacións de produtores, aos citados órganos. Neste último caso, deberán remitirse xunto cun informe motivado que xustifique a decisión adoptada e unha copia do programa.

En caso de que a decisión adoptada polo órgano competente sobre o programa operativo parcial da asociación de organizacións de produtores, ou as súas modificacións, sexa de aprobación, a resolución correspondente deberá conter, ao menos:

a) Un cadro resumo por medidas, coas accións, actuacións, investimentos e conceptos de gasto de cada unha delas, no cal se indique o custo, o calendario de financiamento, o titular e, se for o caso, o lugar en que se encontre.

b) O importe total do custo da realización do programa para o ano seguinte e a forma de financiamento, indicando nunha relación todos os membros da asociación de organizacións de produtores, o nome de cada un, o seu número de identificación fiscal, se é ou non organización de produtores, o seu valor da produción comercializada e a súa achega económica en valor absoluto e porcentual.

c) O importe previsto da axuda financeira comunitaria que corresponde a cada organización de produtores membro para financiar o programa operativo da asociación de organizacións de produtores do ano seguinte.

2. Posteriormente á decisión sobre o programa operativo parcial da asociación de organizacións de produtores, ou as súas modificacións, os órganos competentes correspondentes decidirán sobre os programas e fondos operativos das organizacións de produtores membros dela, indicando nas súas resolucións o importe anual correspondente á participación no programa operativo da asociación de organizacións de produtores, detallado por medidas e accións.

3. No caso de que algún ou algúns dos programas operativos individuais, ou as súas modificacións, non sexa aprobado polo órgano competente, a asociación de organizacións de produtores deberá adaptar en consecuencia o seu programa operativo parcial como modificación do ano en curso, de forma que se manteñan no resto de programas operativos individuais os importes inicialmente previstos de participación no programa da asociación de organizacións de produtores.»

Sete. O artigo 21 queda redactado como segue:

«Artigo 21. *Solicitud de axuda en caso de programas operativos totais.*

1. Nos programas operativos totais das asociacións de organizacións de produtores, a dita asociación presentará unha solicitude ante o órgano competente onde se ache a súa sede social.

2. As asociacións de organizacións de produtores serán as que deban presentar a conta xustificativa correspondente mencionada no artigo 24.»

Oito. O artigo 22 queda redactado como segue:

«Artigo 22. *Solicitud de axuda en caso de programas operativos parciais.*

1. No caso dos programas operativos parciais das asociacións de organizacións de produtores, as solicitudes de axuda serán presentadas polas ditas asociacións en caso de que teña fondo operativo, ou por parte das organizacións de produtores individuais en caso de que non o teña, ante o órgano competente onde radique a súa sede social.

2. As asociacións de organizacións de produtores, en caso de que teñan fondo operativo, ou ben as organizacións de produtores individuais, en caso de que non o teñan, serán as que deban presentar a conta xustificativa correspondente mencionada no artigo 24, relativa ao programa operativo parcial, ante o órgano competente.»

Nove. A alínea b) do número 1 do artigo 23 modifícase como segue:

«b) Os pagamentos parciais de axuda correspondente a importes xa gastados, regulados no artigo 72 do Regulamento de execución (UE) n.º 543/2011 da Comisión, do 7 de xuño de 2011, poderán presentarse tres veces até o 31 de outubro da anualidade en curso sempre que o importe solicitado non supoña menos do 20 por cento da axuda do fondo operativo aprobado.»

Dez. O número 2 do artigo 27 modifícase como segue:

«2. No prazo dun mes a partir da data indicada no artigo 7, o órgano competente na aprobación deste programa operativo poderá requirir dos órganos competentes das comunidades autónomas mencionadas no número anterior a información necesaria para proceder á emisión da decisión a que se refire o artigo 64 do Regulamento de execución (UE) n.º 543/2011 da Comisión, do 7 de xuño de 2011. En particular, esta información poderá referirse:

a) No caso de investimentos encadrados no programa operativo, aos correspondentes informes que acrediten que tales investimentos non se iniciaron antes do primeiro de xaneiro seguinte á presentación do dito programa operativo.

b) A que os ditos investimentos cumpren coas condicións establecidas polo artigo 5.6 do Regulamento (CE) n.º 1698/2005 do Consello, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader). Isto, con respecto aos correspondentes programas de desenvolvemento rural de cada unha das comunidades autónomas afectadas, en particular canto aos criterios que determinan a fonte de financiamento dos investimentos mediante fondos de desenvolvemento rural ou fondos procedentes de disposicións da Unión Europea específicas relativas ao sector das froitas e hortalizas dentro do Regulamento (CE) n.º 1234/2007.»

Once. A alínea f) do número 1 do anexo I modifícase como segue:

«f) En aplicación do disposto no artigo 50.11 do Regulamento de execución (UE) n.º 543/2011 da Comisión, do 7 de xuño de 2011, as indemnizacións procedentes de seguros sobre as producións, percibidas en virtude de:

1.º Pólizas contratadas, en concepto de asegurado, pola organización de produtores.

2.º Aplicacións formalizadas polos membros produtores a pólizas colectivas, sempre que a organización de produtores reciba o importe da indemnización.»

Doce. Engádesse a disposición adicional seguinte:

«Disposición adicional única. *Derrogación do Regulamento (CE) n.º 1234/2007.*

As referencias ao Regulamento derogado (CE) n.º 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro de 2007, polo que se crea unha organización común de mercados agrícolas e se establecen disposicións específicas para determinados produtos agrícolas (Regulamento único para as OCM), entenderanse feitas ao Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se crea a organización común de mercados dos produtores agrarios e polo que se derrogan os regulamentos (CEE) n.º 922/72, (CEE) n.º 234/79, (CE) n.º 1037/2001 e (CE) n.º 1234/2007.»

Trece. O título do anexo III modifícase como segue:

#### «ANEXO III

**Formato dos proxectos de programas operativos que deberán presentar as organizacións de produtores e dos programas operativos totais que deberán presentar as asociacións de organizacións de produtores»**

Catorce. O título do anexo VIII modifícase como segue:

#### «ANEXO VIII

**Formato dos proxectos de programas operativos parciais das asociacións de organizacións de produtores»**

**Disposición transitoria única.** *Adaptación das organizacións de produtores.*

As organizacións de produtores deberán adaptarse ao disposto no presente real decreto, tendo en conta a entrada en vigor deste e as datas de aplicación establecidas na disposición derradeira terceira.

Non obstante, as organizacións de produtores que vaian adaptar o seu recoñecemento de forma que a sección dunha cooperativa ou un grupo de produtores dunha sociedade agraria de transformación que constituía unha sección pase a ser a organización de produtores, en virtude do disposto no artigo 2.1, deberán adaptarse a este real decreto o máis tardar o 1 de abril de 2015, sen prexuízo dos prazos establecidos no Regulamento delegado (UE) n.º 499/2014 da Comisión, do 11 de marzo de 2014, polo que se complementan os regulamentos (UE) n.º 1308/2013 e 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello modificando o Regulamento de execución (UE) n.º 543/2011 da Comisión, do 7 de xuño de 2011, en relación cos sectores das froitas e hortalizas e das froitas e hortalizas transformadas.

Unha vez adaptadas, as organizacións deberán comunicar os cambios que adoptaron, con este obxecto, ante o órgano da comunidade autónoma competente para o seu recoñecemento. O prazo máximo para realizar esta comunicación será o 20 de xaneiro de



2015, excepto para as organizacións de produtores mencionadas no parágrafo anterior, cuxo prazo será o 20 de abril de 2015.

As organizacións de produtores que cumpran os requisitos de recoñecemento sen necesidade de realizaren ningunha adaptación deberán comunicalo, igualmente, ao órgano competente nos mesmos prazos establecidos no parágrafo anterior.

**Disposición derradeira primeira.** *Adaptación aos regulamentos da Comisión Europea.*

O disposto no presente real decreto e nos reais decretos 1972/2008, do 28 de novembro, sobre recoñecemento de organizacións de produtores de froitas e hortalizas, e 1337/2011, do 3 de outubro, polo que se regulan os fondos e programas operativos das organizacións de produtores de froitas e hortalizas, entenderase sen prexuízo da aplicación prevalente dos regulamentos de execución ou delegados da Comisión Europea que se diten en aplicación do disposto nos artigos 173 a 175 e 227 a 229 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013, do 17 de decembro de 2013. Isto non obstante, habilítase o ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para modificar os tres reais decretos por orde ministerial para realizar neles os axustes necesarios para a súa concordancia cos citados regulamentos da Comisión.

**Disposición derradeira segunda.** *Título competencial.*

Este real decreto ten carácter de normativa básica e dítase de conformidade co establecido no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

**Disposición derradeira terceira.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Non obstante, aplicaranse desde o 1 de xaneiro de 2015 as seguintes modificacións que se operan mediante o artigo 1 deste real decreto no Real decreto 1972/2008, modificados mediante o presente real decreto:

- a) O contido dos libros de rexistro establecido no número 2 do artigo 2.
- b) O artigo 3.
- c) A forma de cómputo dos membros establecida no número 2 do artigo 5.
- d) Os números 3, 6, 7, 8 e 9 do artigo 6.
- e) O número 1 do artigo 7.
- f) O límite dos dereitos de voto establecido no número 1 do artigo 9, no caso de organizacións de produtores cuxa personalidade xurídica sexa a de cooperativa.
- g) O límite de capital social establecido no número 1 do artigo 9. Non obstante, nas organizacións de produtores que estivesen a aplicar un programa operativo en 17 de maio de 2014, este límite aplicarase despois do final do programa operativo.
- h) O número 4 do artigo 9.

Dado en Madrid o 21 de novembro de 2014.

FELIPE R.

A ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente,  
ISABEL GARCÍA TEJERINA